

STEEN STEENSEN BLICHER

O párroco de Vejlbj

Unha historia criminal

(A partir do diario do xuíz Erik Sørensen
e dos apuntamentos do párroco de Ålsø)

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

No nome de Xesucristo! E velaquí que, pola graza de Deus e pola disposición do meu querido señor, fun, sen merecelo, elevado ao cargo de maxistrado e xuíz desta xente. Guíeme o gran xuíz deste mundo, déame sabedoría, sentido da xustiza e o seu favor para desempeñar o oficio!

«É do Señor de quen se obtén xustiza». Proverbios 29:26.

Non é bo que os homes estean sós. Posto que eu, agora, estou en condicións de alimentar unha esposa, imaxino que non sería mala cousa procurar unha compañeira. A filla do párroco de Vejlb¹ goza dunha boa reputación entre quen a coñecen. Dende a morte da súa santa nai, soubo facerse cargo dos asuntos domésticos

¹Esta tradución foi realizada a partir da edición universitaria do editor e libreiro C. A. Reitzel (Copenhague, 1789-1953), impresa na capital de Dinamarca en 1833 e que recolle os contos completos, *Samlede Noveller*, do autor. Cabe sinalar que os topónimos aparecen grafados aquí conforme a súa escrita actual, que presenta lixeiras variacións (Vejlb¹ e non Vejlb¹; Ålsø e non Aalsøe; Grenå e non Grennaae) respecto do dinamarqués anterior á reforma ortográfica de 1948. Mantéñense así mesmo o par de notas que figuran no orixinal, que algunhas edicións atribúen ao autor e outras, as máis, ao editor.

con tino e austeridade. E dado que o home non ten máis fillos ca ela e o estudante, entra dentro da lóxica pensar que recibirá un considerable dote o día que o vello falte.

Morten Bruus de Ingvorstrup estivo hoxe aquí, coa pretensión de agasallarme cun xato ben cebado; mais lembrei as palabras de Moisés: «Maldito sexa quen colla un regalo»². Como home, é moi dado aos preitos, abondo arteiro e arrogante; non desexo ter trato ningún con el, bardante o que me corresponde polo meu oficio de xuíz.

Busquei consello en Deus, que está no ceo, e a seguir no meu propio corazón; e crín ver ás claras que a moza Mette Qvist é a única persoa coa que eu desexo vivir e morrer. Con todo e iso, quero seguir durante algún tempo a observala, sen manifestarme. A beleza é falaz, e o engado, algo banal. Por outra banda, non é menos certo que en todos os meus días nunca unha muller tan fermosa coma ela vira.

²Deuteronomio 27:25.

